

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso, de 1 praza de psicólogo UCA (OEP 2022 Extraordinaria-Estabilización)

ANUNCIO

Aprobación da Listaxe Definitiva de persoas admitidas e excluídas e nomeamento do tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, dunha (1) praza de persoal laboral fixo no posto de Psicólogo UCA incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

EXPEDIENTE: 2022/E001/000047 – PSICÓLOGO UCA

Por Resolución da Alcaldía do Concello de Carballo núm. 1877/2023, do 14/07/2023, aprobouse a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, dunha (1) praza de persoal laboral fixo no posto de Psicólogo UCA incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo. Publicouse anuncio da aprobación da mesma no BOP de A Coruña núm. 138 do 20/07/2023. Establecéndose un prazo de presentación de emendas de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da resolución no BOP Dito prazo de presentación de emendas rematou o 04/08/2023.

Rematado o prazo de presentación de emendas, por Resolución da Alcaldía núm. 200/2024, do 26/01/2024, aprobouse a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas e nomeouse ao tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, dunha (1) praza de persoal laboral fixo no posto de Psicólogo UCA incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

Resolvéndose o seguinte:

« Rematado o prazo regulamentario para a presentación de emendas á listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, examinada a documentación que acompaña ao expediente, de conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, de conformidade co establecido na Base Cuarta (Admisión de aspirantes) e na base Quinta (Tribunais Cualificadores) da convocatoria, e de conformidade co artigo 21.1.h), da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, en uso das competencias legalmente atribuídas,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, dunha (1) praza de persoal laboral fixo no posto de **Psicólogo UCA** (Grupo I) incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

Admitidos/as:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	Motivos Exclusión	CELGA
1	ARIAS FILGUEIRAS	VERONICA ELIZABETH	***2581**	-	SI
2	SUAREZ FERNANDEZ	LOURDES	***1852**	-	SI

Excluídos/as:

Non hai excluídos.

Segundo.- Determinar a composición nominativa do tribunal cualificador previsto na Base Quinta da convocatoria, que estará composto polos seguintes membros:

Presidenta:	
Titular:	D ^a . Susana Mariño Lorenzo
	TAX - Xefa do Servizo de Administración Xeral do Concello de Carballo.
Suplente:	D ^a . Carmen del Río Rodríguez
	TAX - Xefa do Servizo de Contratación e Patrimonio do Concello de Carballo.
Vogal 1:	
Titular:	D ^a . María Aurora Lema Agra
	Profesora de Ensino Secundario da Especialidade de Orientación Educativa da Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e Universidades da Xunta de Galicia.
Suplente:	D ^a . Noelia Martínez Ferreiro
	Profesora de Ensino Secundario da Especialidade de Orientación Educativa da Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e Universidades da Xunta de Galicia.
Vogal 2:	
Titular:	D ^a . María Teresa Hermida Pérez
	Funcionaria do Corpo facultativo superior, escala de facultativos, especialidade Psicoloxía, do Instituto de Medicina Legal de Galicia. Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia.
Suplente:	D ^a . Silvia Martínez Portillo
	Facultativa Especialista da Área de Psicoloxía Clínica do Servizo Galego de Saúde da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.
Vogal 3:	
Titular:	D. Víctor Torrado Oubiña
	Facultativo Especialista da Área de Psicoloxía Clínica do Servizo Galego de Saúde da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.
Suplente:	D. José Manuel Oreiro Blanco
	Funcionario do Corpo facultativo superior, escala de facultativos, especialidade Psicoloxía, do Instituto de Medicina Legal de Galicia. Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia.
Secretario:	
Titular:	D. Miguel Piñeiro Souto
	Secretario Xeral do Concello de Carballo.
Suplente:	D. Juan Antonio Rey Rivas
	Tesoureiro do Concello de Carballo.

Terceiro.- Segundo ao indicado na Base Quinta da convocatoria, a abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Cuarto.- Convocar a todos os membros do tribunal para a sesión constitutiva e de baremación de méritos que terá lugar o **mércoles 14 de febreiro do 2024 ás 11.30 horas** na Sala de Xuntas sita na planta 2^a da Casa do Concello de Carballo (Praza do Concello, s/n, Carballo).

Quinto.- Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo (www.sede.carballo.gal) e na páxina web municipal (www.carballo.gal).

En Carballo, 29 de xaneiro de 2024

O alcalde,

Evencio Ferrero Rodríguez

2024/628